

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	74
4.2. Materiais e recursos didácticos	76
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	78
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	78
6. Medidas de atención á diversidade	78
7.1. Concreción dos elementos transversais	79
7.2. Actividades complementarias	79
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	80
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	81
9. Outros apartados	82

1. Introducción

Esta programación vai dirixida a un grupo de 6º de educación infantil de 15 alumnos/as, sete son nenas e 8 son nenos. Temos dous alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo e que requirirán que adapte a aula as súas características personais, ás súas necesidades, aos seus intereses e ao seu estilo cognitivo. Tamén identificarei as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado. Seguindo con esta liña tamén adaptarei os materiais e os recursos que use sempre tendo en conta o Deseño Universal da Aprendizaxe.

Recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de infantil co fin de dotar aos nenos e ás nenas das ferramentas necesarias para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e as personas que a integran.

Os obxectivos desta programación relacionados coa área de Comunicación e representación relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa. Por unha banda, dase unha perspectiva comunicativa e, pola outra, perséguese un enfoque interactivo nun contexto plurilingüe e intercultural. Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais. Por outra banda, a comunicación permite interpretar e representar o mundo en que vivimos. Por iso se inclúe tamén un obxectivo relacionado co achegamento ás manifestacións culturais asociadas ás diferentes linguaxes que se integran na área, como un primeiro paso cara ao recoñecemento e á valoración da realidade multicultural e plurilingüe desde a infancia.

Os obxectivos da área de Crecemento en Harmonía identifican as actuacións que se espera que as nenas e os nenos sexan capaces de despregar en relación co seu propio desenvolvemento persoal e social ao longo da etapa, como consecuencia da intervención educativa. Inclúen aspectos relacionados co seu propio desenvolvemento persoal: o progresivo control de si mesmos que adquiren a medida que constrúen a súa propia identidade, comezan a establecer relacións afectivas cos demais e utilizan os recursos persoais para desenvolverse no medio dunha forma cada vez máis axustada e independente, valorando e confiando nas súas posibilidades e calidades e respectando as dos demais. Tamén é necesaria correlación entre a construción da propia identidade e as interaccións na contorna sociocultural en que aquela se produce, resaltando a importancia de propiciar e favorecer interaccións saudables, sostibles, eficaces, igualitarias e respectuosas.

En canto a área de Descubrimento e Exploración da contorna organízase ao redor de catro obxectivos. O primeiro oríentase ao desenvolvemento de destrezas que axudan a identificar e a establecer relacións lóxicas entre os distintos elementos que forman parte da contorna; o segundo céntrase no fomento dunha actitude crítica e creativa para identificar os retos e propoñer posibles solucións; o terceiro supón o achegamento respectuoso cara ao mundo natural para espertar a conciencia da necesidade do seu uso sustentable, coidado e conservación; e o cuarto achega a nena e o neno á contorna social en que vive.

O principio de globalidade rexirá o deseño das actividades nas tres áreas para facilitar a adquisición de capacidades e habilidades necesarias para a vida dos nenos e das nenas.

En canto á concreción dos elementos curriculares que irán en cada proxecto partiremos sempre dos centros de interese dos alumnos/as actuando o mestre como un guía do proceso de ensino-aprendizaxe. Haberá un proxecto no primeiro trimestre, outro no segundo trimestre e os outros tres desenvólvanse durante todo o curso un deles de xeito transversal.

En canto a temporalización será orientativa, xa que non é posible establecer unhas horas exactas para cada proxecto. É posible que durante o curso xurdan outros proxectos e pequenas investigacións derivados dos intereses dos alumnos/as e que programaremos e levaremos a cabo, xa que sempre terei en conta os intereses e as motivacións do meu alumnado.

Un factor importante á hora de programar é que o noso centro está situado nun concello totalmente rural no que a maioría da poboación se dedica principalmente á agricultura e á gandería, así como en menor medida ao pequeno comercio e ao sector servizos. Así esta riqueza da nosa contorna aproveitarémola nos nosos proxectos e investigación na aula o que nos permitirá traer moitos recursos para traballar de forma manipulativa e para empregar no noso recuncho de vida práctica e o recuncho sensorial e dos minimundos.

Finalmente dicir que para programar partirei dos obxectivos da etapa, eses logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución estará vinculada á adquisición das competencias clave. Tamén terei en conta os obxectivos de área, que son desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área.

Ao finalizar cada unidade, entendida como proxecto de traballo, cos criterios de avaliación verei se os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos son os esperados

e están acadados. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.			1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1			1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1			1			1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1					1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1			1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo humano e a saúde	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de	100	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo humano e a saúde	xénero, coñecemento e expresión de emocións, tamén nos achegaremos as figuras do personal sanitario así como as enfermidades máis comúns ...	100	X		
2	O bosque: flora e fauna.	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos. Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en comparación coas nosas. Tamén nos centraremos nos ecosistemas, nas plantas e as árbores, facendo unha pequena investigación e clasificación das que están presentes na nosa contorna.	217	X	X	X
3	Somos artistas	Nesta categoría incluíremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. A través das actividades programados coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos o progresivo control dos diferentes útiles. Nesta unidade que traballaremos nos tres trimestres pretendemos traballar pintores de todos os continentes, achegándonos así a outras realidades culturais e idiomas. No noso recuncho do artista teremos diferentes materiais e poñeremos en práctica diferentes técnicas pictóricas e de modelaxe. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles.	217	X	X	X
4	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles. Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	206	X	X	X
5	Os insectos.	Nesta categoría incluímos o proxecto adicado ao coñecemento dos insectos, que forman parte da realidade máis cercana dos alumnos. Pretendo aproveitar esta curiosidade natural para que os nenos e as nenas se acheguen a estes animais invertebrados	100		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Os insectos.	e adopten unha actitude investigadora mediante a observación, a investigación e a formulación de preguntas.	100		X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O corpo humano e a saúde	100

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Iniciouse no uso da escritura convencional ou non para producir textos individuais ou en grupo.	PE
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre os obxectos en función dun ou dous atributos.	TI
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...).	
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece e emprega os cuantificadores básicos de xeito verbal e manipulativo.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Representa o esquema corporal tendo en conta o seu estadio evolutivo.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece cantidades numéricas de forma manipulativa.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Recoñece e verbaliza as sensacións que percibe a través dos sentidos.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflicte a súa imaxinación, ideas e emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica nos elementos da súa contorna figuras xeométricas básicas.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Participa en conversacións con diferentes interlocutores de xeito coherente.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Situase no espazo segundo as consignas dadas.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e ou espontáneo.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica as diferencias e semellanzas entre as persoas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega nocións temporais básicas en rutinas e situacións cotiás.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identifica e recoñece nos demais sentimentos, vivencias e emocións.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Secuencia accións para deseñar solucións que se poidan aplicar ás diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega o vocabulario traballado das linguas cooficiais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo empregando unha linguaxe repetuosa coas demais persoas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide e presta axuda tanto a adultos coma a compañeiros.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Emprega os hábitos saudables nas rutinas diarias.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Participa en conversacións ampliando o seu vocabulario e tendo en conta o xénero e o número.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identifica as situacións perigosas e cumpre as normas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza tarefas de hixiene persoal e de coidado e conservación da contorna.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese polos textos escritos presentes na súa contorna.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres ou suxeridos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora a importancia dalgúns profesions, servizos e organizacións da contorna	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de forma voluntaria respectando as súas normas e manifesta interese polos materiais presentes nela.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita de maneira activa e goza cos contos e historias que se contan na aula.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando a capacidade para percibir sons.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora e crea diferentes obras empregando diversos materiais e obras.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	É quen de empregar a danza e a dramatización como formas de expresión.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral).	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai uso das ferramentas dixitais para como fonte de información e para o desenvolvemento do proxecto.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.

Contidos

- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
2	O bosque: flora e fauna.	217

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...).	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establecer relacións entre os obxectos en función dun ou dous atributos.	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece e emprega os cuantificadores básicos de forma verbal e manipulativa.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece cantidades numéricas de xeito manipulativo e gráfico.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflicte a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Participa en conversacións con diferentes interlocutores de xeito coherente.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece as formas xeométricas básicas en elementos da súa contorna.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Situase no espazo segundo as consignas dadas.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e ou espontáneo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega nocións temporais básicas en rutinas e situacións cotiás.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo e outros materiais para efectuar medidas en situacións cotiás.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Secuencia accións para deseñar solucións que se oídan aplicar ás diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega o vocabulario traballado das linguas cooficiais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos, axustando o xogo ás súas posibilidades.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo empregando unha linguaxe repetitiva coas demais persoas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Identifica e diferencia situacións favorables e desfavorables para o medio natural.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais como en naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas así como as súas características.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identifica situacións de perigo e cumpre as normas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Participa en conversas ampliando o seu vocabulario de xeito coherente.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza tarefas de hixiene persoal e de coidado e conservación da contorna.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos da súa contorna e contribúe ao seu coidado.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese polos textos escritos presentes na súa contorna.	
CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Adaptase as rutinas establecidas para o grupo.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres ou suxeridos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciouse no uso da escritura convencional ou non para producir textos individuais ou en grupo.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de forma voluntaria respectando as súas normas.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita de maneira activa e goza cos contos e historias que se contan na aula.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	É quen de percibir e discriminar sons.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora e crea diferentes obras empregando diversos materiais e obras.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	É quen de empregar a danza e a dramatización como formas de expresión.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes(musical, plástica, gráfica, escrita e oral).	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais, para crear con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.

Contidos

- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos artistas	217

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...).	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establecer relacións entre os obxectos en función dun ou dous atributos.	
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece e emprega os cuantificadores básicos de xeito verbal e manipulativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Identifica e é capaz de representar o esquema corporal segundo o estadio evolutivo no que se atopa.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece cantidades numéricas de forma manipulativa.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflicte a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Participa activamente nas asembleas na aula enlazando ideas de forma coordinada e ampliando o vocabulario básico.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica nos elementos da súa contorna figuras xeométricas básicas.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e ou espontáneo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega nocións temporais básicas en rutinas e situacións cotiás.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Secuencia accións para deseñar solucións que se poidan aplicar ás diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega o vocabulario traballado na aula.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora a riqueza lingüística presente na contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo empregando unha linguaxe repetuosa coas demais persoas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos como a compañeiros.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo(asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identifica as situacións perigosas e cumpre as normas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Participa en conversas ampliando o seu vocabulario de xeito coherente.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Mostra iniciativa e ten confianza na realización de tarefas relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese polos textos escritos presentes na súa contorna.	
CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres ou suxeridos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciouse no uso da escritura convencional ou non para producir textos individuais ou en grupo.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valora positivamente as relacións afectivas nos seus ámbitos de proximidade.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta e sigue a secuencia temporal das rutinas da aula.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa interese por relacionarse con persoas da súa contorna.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres ou suxeridos.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos de familia e parentesco valorando cada un deles	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relacionase con outras persoas en xogos e actividades colectivas	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciouse no uso da escritura convencional ou non para producir textos individuais ou en grupo.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona coas demais persoas, nas súas actividades cotiás.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Identifica e participa en festas, costumes e tradicións presentes na súa contorna como o Entroido e o Samaín.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en diferentes costumes e tradicións mostrando unha actitude de respecto.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de forma voluntaria respectando as súas normas.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita de maneira activa e goza cos contos e historias que se contan na aula.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	É quen de identificar e discriminar sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	É quen de interpretar diferentes propostas dramáticas e musicais explorando diversos instrumentos, recursos ou técnicas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elabora e crea diferentes obras empregando diversos materiais e obras.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral).	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais, para crear con axuda, produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Participación no xogo como actividade prazenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de

Contidos

- convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
5	Os insectos.	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo).	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece e emprega os cuantificadores básicos de xeito verbal e manipulativo.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Recoñece cantidades numéricas de forma manipulativa.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Secuencia accións para deseñar solucións que se poidan aplicar ás diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega o vocabulario básico das linguas cooficiais.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Aplica estratexias, de xeito guiado, e diseña situacións para resolver retos.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre os seus gustos, preferencias e inquietudes.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Identifica e diferencia situacións favorables e desfavorables para o medio natural.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas así como as súas características.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos da súa contorna e contribúe ao seu coidado.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve os conflitos que xorden respectando as normas aprendidas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres e/ou suxeridos.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita de maneira activa e goza cos contos e historias que se contan na aula.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	É quen de interpretar e discriminar sons.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	É quen de facer creacións plásticas empregando diferentes recursos e técnicas plásticas	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	É quen de empregar a danza e a dramatización como formas de expresión.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais, para crear con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Memorización e recitado de textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para empezar direi que deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia e o respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes desenvólvanse plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais.

Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes ás outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

A creación dun ambiente de comunicación pracenteiro no que a voz, cantada ou narrada, oferta continuos modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria. O persoal da escola debe ser consciente do seu importante papel e ha de coidar dun xeito especial as súas interaccións comunicativas.

O deseño de situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar asiduamente os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, servir á secuenciación das propias accións, empregar formulas sociais de cortesía, xerar ideas, modelar a conduta, facer propostas ou expresar opcións e defendelas, entre outras.

A inmersión na lingua escrita que, desde a chegada á escola, aproveite a elevada motivación das nenas e dos nenos sobre os distintos códigos e mensaxes xa presentes na súa vida cotiá, poñendo énfase no seu aspecto funcional para a comunicación e aproximándose, progresivamente, aos elementos que rexen a lingua escrita convencional, como a diferenciación entre imaxe e grafema, a organización do espazo gráfico, a linealidade ou a direccionalidade.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas entendidas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación emprégase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que o alumnos/as sexan os protagonistas activos das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

- Terei en conta o enfoque globalizador que supón que a aprendizaxe é o resultado de múltiples conexións entre o coñecido e o descoñecido, entre as aprendizaxes novas e as xa aprendidas. Todas as actividades se levarán a cabo desde un enfoque globalizador, desenvolvendo todas as capacidades dos alumnos/as e partindo sempre dos seus intereses.

- Procuraremos que todas as aprendizaxes sexan significativas para que o alumnado as poida extrapolar aos diferentes contextos da súa vida.

- A motivación xogará un papel clave no deseño das actividades, que deben estar pensadas para que sexan motivantes, gratificantes e que esperten o interese dos alumnos/as para aprender.

- O principio de actividade: potenciaranse situacións e tempos nos que os alumnos/as poidan desenvolver as súas capacidades de manipulación, observación, experimentación, construción...

- O principio de xogo: o xogo na etapa infantil é o medio máis eficaz para conseguir as finalidades da etapa xa que o xogo ten todas as dimensións sociais, intelectuais, motrices...

- O principio de individualización: debemos considerar a cada alumno/a como un ser único e irrepitible e en

consecuencia proporcionarlle a cada un a axuda pedagóxica que precise.

-Clima de afecto e confianza: é importante rodear ao neno/a dun contorno afectivo que lle dé seguridade e confianza, que facilite as súas interaccións e a adaptacións á vida escolar.

-En canto aos espazos a aula está distribuída por recunchos e zonas de aprendizaxe. Os recunchos e as zonas de aprendizaxe que temos son no curso de 6º de infantil son os seguintes: letras e biblioteca, matemáticas e Einstein, arte e cultura, sensorial e minimundos e vida práctica. Dispoñemos dun panel con eles e nos que os alumnos/as colocan o cartel co seu nome cando van a este recuncho ou zona. En cada proxecto vou propoñendo unha serie de actividades que son obrigatorias e que todos/as deben realizar así como unha serie de propostas libres que non son obrigatorias. Cada recuncho esta asociado a unha mesa, espazo no chan, parede... Son eles os que empregan o seu nome para a rotación nos recunchos e as rotacións son obrigatorias e libres.

-O recuncho de letras e biblioteca está asociado a unha mesa, espazo no chan con alfombra e coxíns e ao carriño no que están as diferentes propostas: tarxetas de tres partes, letras móbiles, abecedarios de texturas, caixa de sons Montessori, xogos de conciencia fonolóxica, plantillas para o trazado de letras, dominó de letras e sílabas, a caixa das palabras, panel da palabra protagonista, contos, o libro viaxeiro, oca silábica, silabario..

-O recuncho de matemáticas está asociado a unha mesa, ao espazo no chan e ao corcho no que temos o panel do número protagonista e o panel para a realización de sumas e restas. Temos propostas e materiais do tipo: graña para repasar, dominó de números, regretas, tarxetas de sumas e restas, a máquina de sumar e de restar, o bosque con elementos para sumar e restar, tarxetas de conteo, material manipulativo, policubos, xogos de números para asociar o número e a cantidade, número anterior e posterior...

-O recuncho de arte e cultura está asociado a unha mesa, parede e a un moble no que temos diferentes propostas e materiais, por exemplo, material para disfrazarse de pintores, cabaleta, mapa do mundo, liña do tempo, material para realizar esculturas, pinceis, rodets, lenzos, acuarelas, tempera, pintura acrílica...

-O recuncho sensorial e de minimundos está asociado a un carriño no que temos diferentes materiais como letras sensoriais, esencias, materiais que traen os alumnos/as para el e nel están as bandexas coas que creamos os minimundos, por exemplo, o minimundo outonal ou o do bosque, que será a temática do noso PDI este curso e no que os alumnos/as traerán materiais que recolleremos na contorna do centro e outros das súas casas.

-O recuncho de vida práctica está asociado á cociña e ao supermercado, bonecas, panel para aprender a atar os cordóns, aprender a dobrar roupa, material para realizar trasbases...

A continuación detallo un exemplo de xornada de traballo por recunchos:

-Entrada relaxada, rutinas e asamblea. Para a realización das rutinas dispoño dun panel no que cada día o encargado pasa lista coa tarxeta co nome e apelidos dos compañeiros/as e coloaos na casa ou na escola en función de se están ou non na escola. Conta o número de nenos e nenas e coloca o número e a continuación suma o número de nenos e nenas. Pon o cartel do día que é hoxe, o día que foi onte e o que será mañá. Miramos pola fiestra e vemos que tempo fai para colocar a tarxeta do tempo. Tamén coloca o mes e a estación. Colle a tarxeta da emoción que sente ese día e explica porque se sente así. Resalto que para ter en conta o principio do Deseño Universal da aprendizaxe dispoño no panel dos elementos con pictogramas para os alumnos/as con NEAE. Na asamblea as temáticas son moi variadas e incluso son os alumnos/as os que propoñen os centros de interese para elas. Na asamblea empregamos materiais diversos, desde tarxetas de tres partes, memory, caixa de sons Montessori... A asamblea pode ser de benvida a comozos de semana, asamblea de planificación para decidir actividades ou proxectos, asambleas de resolución de conflitos cando xorde algún problema ou conflito e asamblea de celebración para celebrar os logros ou eventos especiais.

-Traballo por recunchos: explicación das propostas. Elección do recuncho: eles pegan o seu nome no cadro de dobre entrada. Realización das propostas obrigatorias: collen libro, actividade gráfica, proposta... Rotación libre: co seu nome cambian de recuncho. O importante é que realicen as propostas e ao longo da semana pasen por todos eles.

-Rutinas de hixiene e almorzo.

-Recreo.

-Especialidade: música, relixión, inglés, plurinfantil, psicomotricidade.

-Recunchos de xogo.

-Hora do conto.

-TICS.

-Saída.

Teño que dicir que na planificación e organización da metodoloxía teño moi presentes aos alumnos con NEAE. Para empezar direi que a organización e a disposición do mobiliario da aula foi pensado para atender a un alumno que vai en cadeira de rodas.

Principios metodolóxicos relativos á aproximación ao proceso da lecto-escritura.

Por todos é ben sabida a preocupación que manifestan as familias no curso de 6º de educación infantil, debido a este relato a continuación as bases para este tipo de aprendizaxes na aula:

-Primeiro direi que non é un obxectivo desta etapa nin ensinar a ler nin escribir, o que non implica que nesta etapa se inicie este proceso e se faga unha aproximación á lecto-escritura, tal e como se recolle na lexislación vixente. Terei

en conta en todo momento o estadio evolutivo no que se atope cada neno/a. sen forzar en ningún momento xa que o importante é o nivel madurativo no que se atopan para este proceso.

-Por todos é ben sabido que no proceso lecto-escritor se pasa por unha serie de etapas, que non sempre van paralelos coa idade: etapa indiferenciada (garabato, texto, imaxe), etapa diferenciada, etapa silábica, etapa silábica - alfabética e etapa alfabética..

-Teremos en conta que o proceso da lectura evolucionará paralelo ao proceso da escritura sempre desde un punto de vista global.

-Para o proceso lecto-escritor partiremos sempre dos elementos que sexan significativos para o alumnado como son o seu propio nome e o dos seus pais e dos compañeiros da aula e os mestres que lle imparten clase, os días da semana, os meses... Eso non significa que non lles presentemos e demos a coñecer elementos novos.

-Utilizaremos todo tipo de textos na aula: narrativos, descritivos, anuncios, cartas, páxinas web, receitas, poemas... atendendo sempre á función informativa e de lecer dos textos escritos. No recuncho da biblioteca e as letras dispoñemos de todo tipo de materiais para traballar a conciencia fonolóxica que é a base para traballar a lecto-escritura.

-En base o principio de funcionalidade tódalas tarefas expostas terán unha finalidade coñecida polo alumno/a e serán significativas para el/ela (elaboración da data, os nomes nos colgadoiros, escribir os títulos dos contos que se levan para a casa, de información para proxectos, notas informativas para os pais, elaboración de receitas).

-. Os textos escritos polos nenos serán tratados co respecto que merecen ó seren creacións dos alumnos/as como resultado dun proceso de investigación (preferentemente grupal) e de descubrimento do código escrito partindo dos seus coñecementos. Non hai textos mal escritos se non mellorables, sempre e cando se axuste o resultado ás capacidades dos alumnos (un garabato para un neno/a que se atopa nunca etapa silábica non pode ser aceptado como correcto, independentemente das causas que desembocasen nesta acción como a falla de motivación, significatividade da actividade.

.-. Fomentarse a escritura libre e autónoma por parte dos alumnos/as fora dos momentos planificados polo mestre (nos recunchos, zonas de aprendizaxe, nos xogos,) facendo xurdir a necesidade escritora e lectora.

- A rotulación de elementos na aula (nomes nos recunchos, lista de encargados, días da semana) será racional e axeitada ás necesidades funcionais da lecto-escritura. Non se poñerá nome a todas as cousas, se non a aquelas que o precisen pola súa funcionalidade e necesidade acordada cos alumnos/as

- Valoraranse os logros evolutivos dos alumnos na lecto-escritura, pero sempre indicando que todo se pode mellorar e presentando conflitos que o leven a evolucionar na súa aprendizaxe do código escrito e o paso dunha etapa a outra.

- O proceso de aprendizaxe lecto-escritor desenvolverase dun xeito natural nos alumnos/as sempre e cando se ofrezan os recursos e estratexias axeitadas, polo que as tarefas convencionais de grafomotricidade non se empregarán de xeito sistemático ó considerarse a estes como non funcionais e carentes de significado para o alumno/a. Os trazos das grafías apréndese dun xeito natural coa práctica e por observación e imitación inconsciente. Do mesmo xeito non se tratarán os sons e grafías por separado, sempre estarán dentro dun contexto comunicativo lecto-escritor e non como entes illados. Serán os propios alumnos/as quen descubran o código e os elementos que o conforman conforme aparezan en sexan necesarios desde un punto de vista funcional e significativo. Empregaranse as grafías en maiúscula das letras ao seren máis sinxelas de realizar e permitir unha maior evolución no eido lectoescritor. Considerando ademais o paso de maiúsculas a minúsculas de forma paulatina segundo a evolución de cada alumno ou alumna. Considérase en certo sentido a escritura con maiúsculas como un exercicio grafomotiz de cara ó aprendizaxe das letras minúsculas que se acadara a súa grafía nun momento posterior.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas. Ordenador da aula e os da aula de informática, pizarra dixital, tablet, CDs con xogos dixitais, conexión a internet, Bee Bot...
Biblioteca de aula e a do centro. Contos, libros de consulta, xornais...
Material funxible e non funxible.
Reprodutor de música.
Materiais artísticos: ceras, pintura, plastilina, pasta para modelar, material de refugallo, tñiteres...

Pictogramas, láminas, bits de intelixencia...
Panel de rutinas da aula.
Material visual: carteis, bitis, láminas...
Material Curricular: Currículum, Proxecto Educativo...
Material de psicomotricidade: cordas, balóns, estruturas de gomaespuma, táboas de equilibrio...
Material sensorial: mesa de luz, bandexas sensoriais, recuncho sensorial...
Material para a linguaxe: caixa de sons Montessori, a caixa das palabras, abecedario do bosque , chaveiro de letras,, letras de lixa, alfabetino, crebacabezas das letras...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Recuncho de letras: caixa das vocais, xogo de asociación de letras, formar palabras empregando pinzas con letras, letras plastificadas, pizarra magnética con letras, pergamiño máxico, libros de temáticas diferentes para copiar palabras, libro dos amigos(asociar o nome á foto dos amigos/as da clase), letras rugosas, receitas primeiro empregando imaxes e logo palabras...
Recuncho de números e Einstein: regretas grandes, sumas manipulativas, torre rosa, policubos, formas xeométricas planas, rectas numéricas, propostas de sumas e restas manipulativas...
Material de xogo simbólico.
Arte e cultura: caixa da creatividade, tesoiras de diferentes formas, papeles de varios tipos, perforadoras de diferentes formas, cartóns e rolos de papel, pinturas, pinceis, esponxas, simetrías e selos. grafismo creativo, plastilina e as tarxetas para ela,ceras, rotuladores, arcilla e pasta para modelar, en canto á cultura as propostas das temáticas que se están tratando na aula...
Sensorial e minimundos: instrumentos musicais, telas con diferentes texturas, botes con diferentes materiais, letras, números e formas con diferentes texturas, botes con esencias, pezas soltas con ou sen temática....
Caderno de rexistro do traballo por recunchos.
Comunidade educativa: alumnado, personal docente e non docente e calquera outra persona que poida intervir na vida da aula.
Diario da aula.

Por todos é sabido que nunha aula de educación infantil nos podemos atopar cunha gran diversidade de recursos que é imposible nomear. Para os diferentes proxectos os alumnos/as aportarán materiais que traerán das súas casas e que lle darán unha maior significatividade as súas aprendizaxes. Tamén aproveitaremos todos os recursos que nos ofrece a contorna e que nos permiten a manipulación, tan importante nestas idades.

En canto aos materiais didácticos cumprirán unha serie de características:

- Ser resistentes e duradeiros.
- Seguros.
- De fácil manexo.
- Non moi estruturado.
- Polivalente.
- Atractivo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é entendida como un proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
 - Análise das producións plásticas, escritas, musicais...etc realizadas polo alumnado.
 - Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial. Empregaremos a observación directa e sistemática como instrumento para a avaliación inicial.
 - Empregaremos xogos que nos permitirán observar de forma lúdica os coñecementos previos do alumnado.
- Destacar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, poñerase especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lincguaxe, razonamento, atención, etc).

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento. A organización dos espazos da aula foi feita tendo en conta en todo momento de que se poida pasar cunha cadeira de rodas.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da lincguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.

- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer condutas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque afectivo-emocional nas actividades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade gradualmente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

En todo momento existe unha coordinación co Departamento de Orientación do centro, tanto a AL como a PT interveñen na aula co alumnado con NEAE traballando de forma coordinada. Tamén hai coordinación coas familias e coas institucións ás que van fóra do centro realizándose unha reunión mínima en cada trimestre para traballar de forma coordinada e ver os progresos do alumnado e aqueles aspectos que son posibles de mellora.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e emocional.	X		X	X	
ET.2 - Hábitos e control corporal.	X	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X		X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas na contorna do centro.	Realizaremos unha pequena andaina na contorna do centro que nos permite ir polo monte e chegar ata o río.		X	
Desfile de Entroido.	No Entroido saíremos de desfile en comparsa pola vila.		X	
Un membro de cada familia virá ao colexio realizar unha actividade relacionada co bosque.	Dentro do proxecto do fondo bosque implicamos ás familias que realizarán unha actividade con nós na aula. A temática será un animal, árbore ou arbusto do bosque.	X	X	X
Saída ao Moonlight park.	Como saída de fin de curso iremos a un parque lúdico.			X
Visita de escritores.	De momento aínda non están concretados os escritores que nos visitarán este curso.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de consumo responsable e coidado e respecto polo medio ambiente.	Ao longo do curso levaremos a cabo obradoiros nos que se fomente o consumo responsable e coidado e respecto polo medio natural.	X		
Representación teatral da aula de teatro do noso C. P.I.	No mes das Letras Galegas a aula de teatro do noso C.P.I. representará unha obra de teatro para todo o colexio			X
Contacontos e apadriñamentos lectores.	Algúns alumnos doutras aulas lerán contos para o noso alumnado.		X	
Saída ao cone.	Iremos á sala de cine independente Numax ver unha película relacionada co bosque.		X	
Visita ao laboratorio do centro.	A profesora de bioloxía da E.S.O. daranos unha clase sobre o corpo humano e a saúde podendo ver os elementos del cos materiais presentes no laboratorio.	X		
Actividades para facilitar a transición a E.P.	Realizaremos unha visita á aula de primeiro de primaria, faremos, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro,.			X
Graduación.	Como despedida do ciclo de educación infantil realizaremos un acto de graduación coas familias, o alumnado do ciclo de infantil e os mestres que imparten docencia nel.			X

Observacións:

Temos que dicir que durante o curso é posible que xurda alguha outra actividade ou que teñamos que adaptar ou suprimir algunha das que temos planificadas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño de actividades adecuadas aos alumnos.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño das actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregamos diferentes materiais que resultaron motivantes para o alumnado e facilitaron as aprendizaxes.
A temporalización é axeitada.
Os recursos tecnolóxicos foron axeitados para as actividades propostas.

Medidas de atención á diversidade
Teñense en conta todas as NEAE no deseño e planificación das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumno/a.
Clima de traballo na aula
Utilízouse distintos materiais para fomentar a motivación e a expresión de sentimentos ou emocións.
Pomóvense diferentes capacidades e habilidades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación co equipo docente.
Participación das familias na realización de diferentes talleres. A atención ás familias para informar sobre a evolución do alumnado.
Outros
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensino/aprendizaxe.
A avaliación do alumnado emprégase para a mellora do proceso de ensino/aprendizaxe.
Levou a cabo o rexistro da evolución do alumnado.
Respectouse a diversidade lingüísticas do alumnado, a partir da súa lingua materna introducindo a segunda lingua de forma natural.
A organización das saídas foi axeitada.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación valorárase a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os criterios citados anteriormente.

Haberá un seguimento da través da aplicación PROENS dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

Avaliarase non só o resultado de cada actividade senón todo o proceso: a actuación do mestre, a metodoloxía... de xeito que poidamos introducir os cambios que sexan necesarios para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Esta avaliación basearase na observación directa, sistemática e na análise dos elementos que inflúen nel, anotando nun rexistro de aula as deficiencias atopadas e as melloras a introducir.

Cada vez que iniciemos un novo proxecto levaremos a cabo unha avaliación inicial de cada neno/a ó para partir dos coñecementos previos e constatar o ritmo e o desenvolvemento individual.

Faremos tamén unha avaliación formativa e continua baseada na observación sistemática e individualizada para valorar os progresos e as dificultades de cada neno/a e propoñer actividades de reforzo ou ampliación adecuadas.

En cada trimestre os nenos levarán un informe (boletín informativo) para os pais, informe no que os propios alumnos/as participen na súa elaboración e sexan conscientes da súa evolución no proceso de ensino-aprendizaxe.

En canto aos instrumentos de avaliación: para a avaliación dos diferentes aspectos anteriormente indicados, así como das mencionadas tarefas didácticas, empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación directa e sistemática do alumnado,
- Observación do funcionamento dos diferentes grupos cooperativos.

- Diálogos en gran grupo.
- Diario de aula.
- Rúbricas en cada una das U.D.I. e rúbricas de funcionamento das diferentes tarefas didácticas.

9. Outros apartados